

## **RESOLUCIÓN REITORAL DO 12 DE FEBREIRO DE 2025, POLA QUE SE CONVOCAN ELECCIÓNS DE REPRESENTANTES DO ESTUDANTADO NAS XUNTAS DE CENTRO, NO CLAUSTRO UNIVERSITARIO E NO COMITÉ DE DIRECCIÓN DA ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

Ao abeiro do que establecen os Estatutos da Universidade da Coruña e mais o Regulamento electoral xeral (REX), aprobado polo Consello de Goberno na sesión do 28 de setembro de 2016, esta Reitoría resolve convocar eleccións de representantes do estudantado no Claustro Universitario, nas xuntas de centro e no Comité de Dirección da Escola Internacional de Doutoramento, segundo as seguintes bases:

### **A) ELECCIÓN DE REPRESENTANTES**

1. Renovación de representantes no Claustro Universitario das prazas vacantes do estudantado matriculado en titulacións oficiais en centros propios
2. Elección de representantes en xuntas de centro correspondentes ao estudantado matriculado no centro en estudos de grao e en mestrados oficiais
3. Elección de representantes do estudantado no Comité de Dirección da Escola Internacional de Doutoramento (EIDUDC). De conformidade co artigo 7.2.g) do Regulamento interno da EIDUDC, convócanse eleccións entre o estudantado de doutoramento dependente da EIDUDC para a cobertura de vinte postos do Comité de Dirección, repartidos de forma equitativa entre os diferentes ámbitos científicos.

### **B) PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS**

#### **1. Circunscricións electorais:**

a) Para elixir representantes do estudantado no Claustro Universitario:

- Estudantado de grao e mestrados oficiais: cada un dos centros relacionados no anexo I desta convocatoria

b) Para elixir representantes en xuntas de centro:

- Cada un dos centros relacionados no anexo I desta convocatoria

d) Para elixir estudantes no Comité de Dirección da Escola Internacional de Doutoramento:

- Cada un dos ámbitos científicos (Artes e Humanidades, Ciencias, Ciencias da Saúde, Ciencias Sociais e Xurídicas e Enxeñaría e Arquitectura)

2. Son **elixibles** en cada sector e circunscrición electoral membros da comunidade universitaria que figuren no censo definitivo (artigos 2 e 5 do REX), presenten a candidatura e sexan proclamados definitivamente como candidatas ou candidatos pola Comisión Electoral Central da UDC, consonte o disposto nos artigos 15 e 16 do REX.

3. **As candidaturas presentaranse** mediante o formulario electrónico que estará accesible no taboleiro electoral **desde o 24 de febreiro de 2025 até as 14:00 h do día 27 de febreiro de 2025**.

4. **As candidaturas serán individuais** para os efectos de presentación, proclamación, votación e escrutinio. En todo caso, **as candidaturas pódense agrupar** co único obxecto de realizar a campaña electoral de forma conxunta, para o que se achegará a denominación ou a sigla que represente a agrupación electoral que se incluíra na candidatura correspondente ao lado do nome da persoa candidata. En caso de que coincidan diversas denominacións ou siglas, daráselle preferencia á que se presentase primeiro.

### C) VOTACIÓNS

1. O proceso de votación realizarase de forma electrónica, de acordo co disposto no artigo 19 do REX.

2. O sistema de autenticación que dará acceso ao sistema de votación será o Sistema de Federación de Identidade da UDC.

3. A plataforma de votación electrónica permanecerá aberta **entre as 10:00 e as 19:00 h do día 20 de marzo de 2025**.

4. A Comisión Electoral Central ordenará as diferentes candidaturas (unha para cada circunscrición, sector e proceso electoral) de conformidade co disposto no artigo 18.2 do REX (segundo a Resolución do 31 de xaneiro de 2024 pola que se publica o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, publicado no DOG núm. 29 do 09 de febreiro de 2024, **a letra que fixará o inicio da orde alfabética será o H**). Na plataforma electoral, de conformidade co que dispón o artigo 20.2 do REX, indícarase o número máximo de candidatas e candidatos polos que a electora ou elector poderá votar.

5. Durante toda esa xornada, a partir das 09:00 h, a Comisión Electoral Central constituirase en Mesa Electoral Electrónica, co fin de garantir o correcto desenvolvemento do proceso. A Secretaría Xeral disporá os medios e o persoal técnico precisos.



## D) ESCRUTINIO E PROCLAMACIÓN DE ELECTAS/OS

1. Ás 19:00 h do día 20 de marzo, a Mesa Electoral Electrónica procederá ao escrutinio de acordo co disposto no artigo 22 do REX para os procesos con votación electrónica.
2. Finalizado o escrutinio, a Mesa Electoral Electrónica elaborará as actas correspondentes e publicará o escrutinio.
3. A proclamación provisoria das candidaturas electas, de conformidade co disposto no artigo 23 do REX, realizarase o día 21 de marzo. O acordo de proclamación provisoria de electas e electos poderá ser obxecto de recurso administrativo ou contencioso-administrativo nos termos previstos no artigo 24 do REX.
4. Logo de que se resolvan os recursos ou unha vez que transcorra o prazo de dous días previsto no artigo 24 do REX para formular o recurso administrativo, a Comisión Electoral Central procederá á proclamación definitiva dos candidatos e candidatas electas.
5. A Secretaría Xeral atenderá as dúbidas e incidencias que puideren xurdir, ben por correo electrónico ([comision.electoral@udc.gal](mailto:comision.electoral@udc.gal) e [evoto@udc.gal](mailto:evoto@udc.gal)) ben telefonicamente (extensións 2370 e 1143).

## E) CALENDARIO ELECTORAL

1. Convocatoria das eleccións por resolución reitoral: 12 de febreiro de 2025 (mércores)
2. Publicación do censo electoral provisorio: 13 de febreiro de 2025 (xoves)
3. Prazos de presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación do censo electoral provisorio:
  - Prazos de presentación: do 14 de febreiro (venres) ao 18 de febreiro de 2025 (martes), até as 14:00 h
  - Prazos de resolución: do 19 de febreiro (mércores) ao 20 de febreiro de 2025 (xoves)
4. Data de publicación do censo definitivo: 21 de febreiro de 2025 (venres)
5. Prazo de presentación de candidaturas: do 24 de febreiro (luns) ao 27 de febreiro de 2025 (xoves), até as 14:00 h
6. Proclamación provisorio de candidaturas: 28 de febreiro de 2025 (venres)
7. Prazos de presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación da proclamación provisorio de candidatos:
  - Prazos de presentación: do 5 de marzo (mércores) ao 6 de marzo de 2025 (xoves), até as 14:00 h
  - Prazos de resolución: do 7 de marzo (venres) ao 10 de marzo de 2025 (luns)
8. Proclamación definitiva de candidaturas: 11 de marzo de 2025 (martes)
9. Campaña electoral: do 12 de marzo (mércores) ao 18 de marzo de 2025 (martes)
10. Data da votación: **20 de marzo de 2025** (xoves)
11. Proclamación provisorio de candidaturas electas: 21 de marzo de 2025 (venres)
12. Prazos de presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación da proclamación provisorio de candidaturas electas:
  - Prazos de presentación: do 24 de marzo (luns) ao 25 de marzo de 2025 (martes), até as 14:00 h
  - Prazos de resolución: do 26 de marzo (mércores) ao 28 de marzo de 2025 (venres)
13. Proclamación definitiva de candidaturas electas: 31 de marzo de 2025 (luns)

O reitor

Ricardo José Cao Abad

## ANEXO I

### Centros (eleccións de representantes de estudantado no Claustro Universitario):

As circunscricións de estudantado nas que haberá eleccións no Claustro Universitario e o número de postos a cubrir son as seguintes:

|   |    |
|---|----|
| • ETS de Náutica e Máquinas             | 1  |
| • EU de Arquitectura Técnica            | 2  |
| • Facultade de Ciencias da Comunicación | 2  |
| • Facultade de Ciencias da Educación    | 11 |
| • Facultade de Ciencias da Saúde        | 1  |
| • Facultade de CC. do Deporte e E.F.    | 3  |
| • Facultade de Economía e Empresa       | 7  |
| • Facultade de Filoloxía                | 1  |
| • Facultade de Fisioterapia             | 2  |
| • Facultade de Informática              | 2  |
| • Facultade de Socioloxía               | 2  |
| • Facultade de Turismo                  | 1  |

### Centros (eleccións de representantes do estudantado nas xuntas de centro):

Escola Técnica Superior de Arquitectura

Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos

Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas

Escola Universitaria de Arquitectura Técnica

Facultade de Ciencias

Facultade de Ciencias da Comunicación

Facultade de Ciencias da Educación

Facultade de Ciencias da Saúde

Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física

Facultade de Dereito



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Facultade de Economía e Empresa

Facultade de Filoloxía

Facultade de Fisioterapia

Facultade de Informática

Facultade de Socioloxía

Facultade de Turismo

Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol

Escola Universitaria de Deseño Industrial

Facultade de Ciencias do Traballo

Facultade de Enfermaría e Podoloxía

Facultade de Humanidades e Documentación